

**PROGRAMA INTEGRAL
DE ALFABETIZACIÓN
DE MULLERES
DE ORIXE ESTRANXEIRA**

PLAN COMUNITARIO DE TEIS 2015



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

INTRODUCCIÓN

As mulleres de orixe estranxeira, como tales, forman un grupo social que posue unha especial dificultade á hora de integrarse, debido ás diferenzas culturais, ao idioma, e á desigualdade de oportunidades, mais aínda se introducimos o enfoque de xénero.

Este programa, pretende incorporar á muller inmigrante á vida social do barrio¹ a traveso da alfabetización e o aprendizaxe do castelán xa que, enténdese que a linguaxe é un pilar fundamental para que as persoas cheguen a desenvolverse coma seres sociais, e o coñecemento do mesmo idioma é, polo tanto, o primeiro paso para calquera intento de integración.

É así, que este programa establecece como unha acción positiva que pretende influir sobre o punto de partida das mulleres destinatarias, cumprindo con todas as características que se deben dar nunha acción deste tipo:

- É un programa **colectivo**, tratando de incidir sobre un grupo de mulleres e non sobre casos concretos
- É **dinámico e flexible**, xa que as medidas que se aplican poden ser variadas en función das necesidades do grupo ao que se aplican.
- É **sistemático**, xa que a consecución de obxectivos pode ser avaliado.
- É **temporal**, e finalizará cando se teña conseguido a igualdade real entre mulleres e homes. (alomenos, nese punto de partida)

Asemade, e, no convencemento que a integración abrangue aspectos moi diversos preténdese traballar en rede para conseguir unha perfecta coordinación entre os e as profesionais implicados/as cara ao seguimento e titorización do itinerario establecido para as mulleres que participaron no programa.

Ao mesmo tempo, non se nos escapa que a discriminación de xénero é transversal a outro tipo de discriminacións, e polo tanto, as mulleres de orixe estranxeira poden, (e de certo así sucede), ser obxecto dunha múltiple discriminación (tal e como xa se concretou no programa presentado).

Confiamos en que a memoria que se relata, dea conta, contrastadamente, de que esta é unha intervención que contribue a promover a igualdade entre mulleres e homes, porque ningunha intervención social é

¹

Todo esto sen perder de vista a **transversalidade**, xa que esta proposta pretende a ensinanza do castelán desde unha postura non sexista nen discriminatoria, é dicir, habilitando unha linguaxe igualitaria, tanto no material didáctico como nas interaccións e interrelacións personais.



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

neutra en materia de xénero: ou contribúe a promover a igualdade ou perpetúa a desigualdade.

OBXECTIVOS

O programa que se presenta, contemplou no seu deseño 3 tipos de obxectivos :

1. Obxectivos que contribúan a contrarrestar a diferente situación entre mulleres e homes de orixe estranxeira.
2. Obxectivos orientados a atender as necesidades específicas das mulleres de orixe estranxeira.
3. Obxectivos dirixidos a cambiar o contorno máis próximo da nosa poboación destinataria.

Atendendo a estas liñas estratéxicas, os obxectivos marcados para o programa foron os que siguen:

OBXECTIVOS XERAIS

1. Visibilizar ás mulleres inmigrantes do barrio aumentando a súa integración social.
2. Dotar ás mulleres inmigrantes do barrio das competencias básicas de lecto-escritura.
3. Contribuír ó desenrrolo do Principio de Igualdade de Oportunidades a través da acción positiva.
4. Fomentar actitudes de tolerancia e adaptación mutua das comunidades implicadas como forma activa de cumprimento do respecto á diversidade.
5. Facilitar o proceso de integración de estes colectivos na nosa sociedade mediante o aprendizaxe da lingua española.
6. Fomentar a solidariedade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Mellorar a formación integral das mulleres inmigrantes, proporcionándolles aqueles coñecementos necesarios para desenvolverse no seu entorno vital.
- Proporcionar ou mellorar a adquisición de destrezas comunicativas no contexto máis cercano (bus, rúa, mercado, centro saúde, veciñas...)
- Cubrir a necesidade inmediata de aprender a lingua española e aqueles aspectos da nosa cultura que favorezan a súa integración.



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

- Proporcionar a adquisición das técnicas instrumentais básicas en aquelas situacións de analfabetismo que puidéramos encontrar.
- Detectar e traballar aspectos da linguaxe que supoñan calquera tipo de discriminación.

METODOLOXÍA

O principal **principio metodolóxico** no que se asenta o programa é a **participación activa** das mulleres que asisten a actividade mediante a recollida sistemática das súas experiencias, opinións, etc.

Para isto, tiveronse en conta unha serie de **principios psicopedagóxicos** que son:

- A **aprendizaxe**, que se basea na idea de as persoas están en continua evolución.
- A **acción auto-controlada**, consistente en que as propias mulleres controlen parte da súa propia evolución e aprendizaxe.
- A **motivación do grupo**, é interpersoal o que propicia e facilita a convivencia.
- **As accións abertas**, e flexibles posibilitan a diversidade e a practicidade das actividades.

Sobre estes principios, a metodoloxía foi eminentemente participativa co fin de adecuar a intervención ás características persoais das participantes ao tempo que permitía a reformulación e adaptación continua das actividades.

A equipa de profesionais foi referente da actividade, en coordinación continua coa responsable do Equipo Técnico do Plan Comunitario de Teis, promovendo cara ás mulleres un clima cálido de confianza e distensión, onde poideran ser protagonistas do seu espazo. Isto facilitou que as actividades realizadas propiciaran en todo momento a participación activa, a convivencia, a cooperación e a igualdade tanto de maneira horizontal (entre o grupo de iguais) como de maneira vertical (coa equipa de referencia).

Para impartir eficazmente os contidos que se axeitaran as necesidades educativas específicas das participantes do programa, subdividiúse o grupo en tres subgrupos segundo **niveis de aprendizaxe**:

- **Nivel 1**: mulleres sen alfabetizar e/ou que non saben ler nen escribir tampouco no seu idioma primario. (Correspóndese co 1º ciclo de primaria)
- **Nivel intermedio**: mulleres que saben ler e escribir no seu idioma e/ou no idioma castelán pero que non acadaron a lectoescritura comprensiva. (Correspóndese co 2º ciclo de primaria).



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

- **Nivel 2:** mulleres que saben ler e escribir e que comprenden o idioma castelán, pero que non o falan con soltura por descoñecemento da gramática e insuficiente vocabulario. (Correspóndese con 6º primaria-1º de ESO)

Como método de aprendizaxe para a consecución do obxectivo “académico”, utilizáronse fundamentalmente:

1. “Ven a leer”, nos seus niveis 1, 2 e 3. Cos caderniños adaptados a unha linguaxe máis igualitaria
2. fichas de “español para extranjeros” de FOREM
3. Métodos audiovisuais de elaboración propia.
4. Fichas e follas de traballo de elaboración propia
5. Libros de texto para o nivel 2

Tal e como xa se fixera no ano anterior, a división en grupos por niveis permitiu complementar, a aprendizaxe de lecto-escritura e comprensión con espazos de aprendizaxe funcional do idioma e de acercamento á linguaxe que lles permita desenvolverse ás mulleres na súa vida cotiá.

Cara a supervisión de casos, como método de traballo para un seguemento óptimo daqueles casos que o precisaron, estableceron fichas de campo, informes, certificacións e reunións periódicas cos e cas profesionais de referencia.

En definitiva, coa metodoloxía utilizada pretendeuse atender as necesidades prácticas das mulleres participantes (directamente relacionadas coas súas necesidades básicas e cos seus roles sociais), condición indispensable para afrontar (como obxectivo finalista) as necesidades estratéxicas que teñen que ver coas relacións de poder e a distribución de responsabilidade entre sexos.

POBOACIÓN DESTINATARIA

Mulleres de orixe estranxeira² que residen no barrio de Teis

USUARIAS DO PROGRAMA

Pasaron polo programa un total de 19³ mulleres inmigrantes residentes no barrio de Teis.

² Nesta edición, excepcionalmente, participaron tamén algunhas mulleres nativas do barrio, xa que presentaban dificultades e déficits semellantes aos das mulleres de orixe estranxeira. (Ver conclusións)

³ 2 das mulleres computadas, son autóctonas. Ver conclusións.

PAIS DE PROCEDENCIA




Grafico nº 1. Elaboración propia. Plan Comunitario de Teis. 2015

C/RESPONSABILIDADES FAMILIARES




Grafico nº2. Elaboración propia. Plan Comunitario de Teis. 2015

RECURSOS

- **PERSOAIS:** 2 profesoras voluntarias de Cáritas, 1 asesor pedagogo e profesor, 1 alumna en prácticas formada en xénero e 1 técnica do P.C.T
- **MATERIAIS:** libriños de alfabetización, fichas adaptadas, material de oficina, folios, cds, fotocopias, tizas, ordenador portátil,....

LOCALIZACIÓN

IB A Guía. Teis-Vigo⁴

TEMPORALIZACIÓN


Establecéuse unha temporalización desde 01 xaneiro ao 15 de novembro 2015.

HORARIO

Martes e xoves de 16.30 a 18.30hrs.

INSCRIPCIÓNS/DERIVACIÓNS

As inscricións/derivacións realizáronse desde o diferentes servizos e profesionais do barrio a través da técnica do Plan Comunitario de Teis coa finalidade de centralizar as demandas e incorporar axeitadamente as persoas derivadas.



Gafico nº 3. Elaboración propia. Plan Comunitario de Teis.2015

⁴

Facilitando o coñecemento dos recursos educativos e comunitarios, por parte das mulleres participantes.

ASISTENCIA

As incorporacións ao programa foi progresiva chegándose ata 20 en maio, que asistiron regularmente ata o remate do curso.

Os gráficos que siguen, amosan a regularidade das asistencias:



Gráfico nº 4. Elaboración propia. Plan Comunitario de Teis. 2015

Os datos que reflicten os gráficos anteriores dan conta da relativa regularidade das asistencias (tendo en conta que algunhas das participantes só poden acudir un dos días –ou martes ou xoves-). Isto é debido á toma de conciencia, por parte das usuarias que xa asistirán en edicións anteriores, e dos servizos de derivación, da importancia de asistir regularmente para acadar os obxectivos académicos pretendidos por elas.

ACTIVIDADES

- Clases de alfabetización e coñecemento do idioma castelán.
- Dinámicas de comunicación e perspectiva de xénero.
- Dinámicas de coñecemento e valorización da lingua galega e outras linguas da cidade.
- Saldas de acompañamento e reforzo.
- Xuntanzas de coordinación e seguimento de itinerarios.



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

- Elaboración de fichas e adaptación de material didáctico.
- Atención ás/aos menores a cargo das mulleres participantes.

AVALIACIÓN

Para as avaliacións utilizaronse como instrumentos: observación activa, fichas de campo, fichas realizadas, probas orais e escritas, escalas de valoración...

I: Avaliación inicial: por medio da observación directa da equipa de educadoras/es, cubrindo unha **ficha de campo**, e contrastación dos puntos de vista e observacións recollidas e as/os profesionais de referencia, no caso das persoas derivadas doutros servizos.

A maioría das alumnas, foron de continuidade, polo que tomouse como punto de partida o nivel acadado na anterior edición o que facilitou a avaliación inicial e o arranque deste novo curso.

II: Avaliación continua: realizáronse reunións e contactos periódicos co fin de analizar a evolución de cada muller participante, polo que a solución aos problemas que ían xurdindo ían resolvéndose case inmediatamente.⁵

III: Avaliación final: ao remate do ano escolar (coincidindo coa última semana de xuño) a equipa reuniuse para comprobar en que medida evolucionaran as participantes, e de que xeito se cumpriron os obxetivos previstos.

III.1: Avaliación de obxectivos:

1. Visibilizar ás mulleres inmigrantes do barrio aumentando a súa integración social. **Acadado de maneira moi satisfactoria.**
2. Dotar ás mulleres inmigrantes do barrio das competencias básicas de lecto-escritura. **Acadado de maneira satisfactoria.**
3. Contribuir ó desenvolvemento do Principio de Igualdade de Oportunidades a través da acción positiva. **Acadado de maneira moi satisfactoria.**

⁵ Este ano- coma edicións anteriores-, emitíronse, en algúns dos casos, certificados de asistencia e valoración final que foron remitidos ás súas traballadoras sociais de referencia para que pudesen ser tidos en conta dentro dunha intervención social integral, se as profesionais de referencia o consideraban.

4. Fomentar actitudes de tolerancia e adaptación mutua das comunidades implicadas como forma activa de cumprimento do respecto á diversidade. **Acadado de maneira moi satisfactoria.**
5. Facilitar o proceso de integración deste colectivo na nosa sociedade mediante o aprendizaxe da lingua española. **Acadado parcialmente.**
6. Fomentar a solidariedade. **Acadado de maneira óptima⁶.**
7. Mellorar a formación integral das mulleres inmigrantes, proporcionándolles aqueles coñecementos necesarios para desenvolverse no seu entorno vital. **Acadado de maneira satisfactoria.**
8. Proporcionar ou mellorar a adquisición de destrezas comunicativas no contexto mais cercano (bus, rúa, mercado, centro saúde, veciñas...). **Acadado de maneira satisfactoria.**
9. Cubrir a necesidade inmediata de aprender a lingua española e aqueles aspectos da nosa cultura que favorezan a súa integración. **Acadado de 1 maneira suficiente.**
10. Proporcionar a adquisición das técnicas instrumentais básicas en aquelas situacións de analfabetismo que puidéramos encontrar. **Acadado de maneira satisfactoria.**
11. Detectar e traballar aspectos da linguaxe que supoñan cualquera tipo de discriminación. **Acadado de maneira satisfactoria.**

III.2: Avaliación de contidos:

Seguindo unha escala de avaliación de necesidades educativas especiais, que se adapta perfectamente ás necesidades educativas específicas das participantes do programa, a valoración queda como sigue:

| | NIVEL 1 | NIVEL INTERMEDIO | NIVEL 2 |
|--------------------|----------|------------------|----------|
| ACADADO | 3 | 8 | 1 |
| EN PROCESO | 2 | 4 | 1 |
| NON ACADADO | 0 | 0 | 0 |
| TOTAL | 5 | 12 | 2 |

⁶ Tanto polo que concirne aos/as profesionais voluntarios/as de Cáritas, como polos recursos e institucións implicadas, que permitiron o desenvolvemento óptimo dun programa destas características.



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

Pese a que nesta edición, só unha das mulleres acadou satisfactoriamente o nivel 2, houbo un elevado número de mulleres que pasaron do nivel 1 ao nivel intermedio, o que da conta do esforzo e motivación para o aprendizaxe e marca unha pauta de continua e progresiva evolución. Tamén foi elevado o número de mulleres cuxo proceso de aprendizaxe marca unha evolución constante e exitosa.

III.3: Avaliación de actividades:

Obxectivos das actividades

- Aumentar a autoconsciencia das usuarias da súa condición de mulleres e migrantes. **Conseguido parcialmente**
- Reforzar as estratexias das usuarias para superar as problemáticas derivadas das nomeadas condicións e das súas situacións persoais. Dotalas de novas estratexias. **Conseguido parcialmente**
- Aumentar a cohesión grupal, o entendemento mutuo e a solidariedade entre as mulleres usuarias. **Conseguido de maneira satisfactoria**
- Aumentar a súa autoestima e o empoderamento. **Conseguido parcialmente**
- Reforzar a súa aprendizaxe dos contidos impartidos nas aulas de alfabetización (especialmente, uso da lingua castelá). Traballar as competencias dixitais. **Conseguido parcialmente.**
- Aumentar a empregabilidade das usuarias. **Conseguido parcialmente**

Metodoloxía das actividades

Actividades variadas en torno ás áreas seleccionadas para a súa actuación.

Dinámicas grupais de duración variable, de carácter grupal, nas que se estimulou a participación e implicación das usuarias, dándolles tamén autonomía para que decidiran sobre o curso das mesmas dentro das temáticas a tratar, adaptándose na medida do posible ás características, capacidades e habilidades das usuarias.

Áreas a tratar

MULLER / MIGRACIÓNS E INTERCULTURALIDADE / INCLUSIÓN SOCIAL

- Interculturalidade / multiculturalidade / diversidade / igualdade



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

- Valorización da inmigración (aportes ao PIB, riqueza na diversidade...)
- Interseccionalidade: análise de problemáticas conxugadas. Muller e migración.
- Valorización dos roles que asumen as mulleres participantes como nais e amas de casa
- O arraigo: que é, aspectos. Ata que grado estamos integradas (diferenzas co país de orixe, analizar tamén posibles desarraigos alí). Motivos para permanecer aquí. Actitudes hostís da poboación local

AUTOESTIMA E EMPODERAMENTO

- Historias persoais de vida
- O público e o privado.

HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

- Redes: COMUNITARIAS ou INFORMAIS vs SOCIAIS :Con quen podemos contar para que nos axude cos nosos problemas? A que recursos (asociacións) recurrimos?
- Habilidades sociais
 - Asertividade
 - Solución de problemas
 - Resolución de conflitos
 - Expresar as nosas necesidades
 - O reparto do tempo.

LABORAL (TRABALLO PRODUTIVO E REPRODUTIVO)

- Traballo produtivo: ver experiencia e relación con cada un dos sectores, tanto persoal como de outros membros da familia (nai labrega, home obreiro no país de orixe...).
- Analizar unha vez máis a distribución segundo xéneros nas actividades produtivas, evolución segundo o tempo...
- Reflexión sobre a división de oficios e actividades produtivas nos países de orixe e aquí. Influencia das culturas de orixe na disposición das usuarias ao emprego e empregabilidade.
- Reflexión sobre a etnización do mercado laboral.
- Traballo PRODUTIVO e TRABALLO REPRODUTIVO: explicar a diferenza, e distinta valoración dos dous tipos de traballo?
- Barreiras á hora de acceder ao mercado laboral: persoais (niveis formativos, dominio da lingua, coidado da familia...), externas (prexuízos e estereotipos)



COHESIÓN DO GRUPO

- Confección de murais temáticos conxuntos sobre as temáticas traballadas.
- Análise de porque surden conflitos, estereotipos que hai sobre cada colectivo de migrantes segundo procedencia....
- Potenciación de festas típicas e tradicións.

CONCLUSIÓNS

Cabe definir, prioritariamente, tres **áreas de valoración**:⁷

- **ALFABETIZACIÓN/COÑECEMENTO DO IDIOMA CASTELÁN:** A evolución nesta área das mulleres participantes no programa foi, en algúns dos casos, superior as expectativas iniciais, xa que lograron, non sómotes recoñecer á perfección o alfabeto castelán, senon numerosos avances con respecto aos seus niveis curriculares e as súas habilidades comunicativas.
- **INTEGRACIÓN NO CONTORNO:** Desde o inicio do programa as mulleres foron adquirindo soltura e destreza comunicativa, o que permitiu a súa paulatina interrelación co seu contorno máis próximo. Gradualmente foron quen de establecer contacto en primeiro lugar, entre elas, malia ser de países e culturas tan diferentes; en segundo lugar, co persoal, tanto do Instituto e cos recursos aos que as fomos achegandoas nos acompañamentos, coa axuda das propias compañeiras que xa tiñan participado na edición anterior, algunhas das mulleres xa realizaron moitas xestións da súa vida fóra do seu entorno familiar por elas mesmas, o que nos reafirma na convicción de que este é un programa imprescindible cara a conquistar a integración real da poboación estranxeira feminina no barrio.
- **VALORES DE IGUALDADE ENTRE XÉNEROS:** Todas as actividades realizadas, enmárcanse nas seguintes áreas do “IV Plan municipal de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes” do Concello de Vigo:

Área1: COEDUCACIÓN, co fin de fomentar a adquisición de actitudes, comportamentos e hábitos que permitan a mulleres e homes desenvolver unhas relacións respectuosas e igualitarias. E concienciar á

⁷

Só se definen estas áreas, por ser as máis significativas.

sociedade sobre a necesidades de incorporar a perspectiva de xénero na educación de mulleres e homes como medio para impulsar o proceso de transformación social e a modificación das estruturas sexistas e discriminatorias.

Área 2: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDAD, co fin de promover a mellora da calidade de vida das mulleres incidindo en riscos vinculados aos roles de xénero. E concienciar á sociedade sobre a necesaria corresponsabilidade de mulleres e homes nas responsabilidades domésticas e familiares, e fomentar a ampliación de servizos dirixidos á conciliación da vida laboral, familiar e persoal de mulleres e homes.

Área 5: ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, co fin de promover a eliminación das dificultades e barreiras que impiden o desenvolvemento persoal e social e a participación igualitaria de mulleres e homes en base aos principios de vulnerabilidade, pluralidade, diversidade e equidad. E Fomentar a calidade de vida das mulleres promovendo a vivencia de relacións interpersonais equilibradas e satisfactorias fomentando a aceptación positiva da propia identidade.

As participantes do programa foron adquirindo, sen ser plenamente conscientes, o “**empoderamento**” necesario, primeiro na toma de decisións que lle competen e segundo, coma portadoras de información cara ás súas iguais e ao seu núcleo familiar.

En definitiva, cremos que o programa consegue satisfacer as necesidades prácticas (aumento da cualificación, mellora da saúde, atención socio comunitaria...) das mulleres de orixe estranxeira que asisten as clases xa que se facilita o seu acceso aos recursos e servizos e se intervéen de maneira indirecta sobre os estereotipos e roles de xénero impostos polas súas culturas de procedencia en base a lograr un maior equilibrio nas súas relación de xénero.





PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

CRONOGRAMA ACTIVIDADES

| XANEIRO | | | | | | |
|----------|-------|--------|-----------|--------|---------|--------|
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |
| | | | | | | |
| FEBREIRO | | | | | | |
| Domingo | Lunes | Martes | Miercoles | Jueves | Viernes | Sabado |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| | | | | | | |
| MARZO | | | | | | |
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |
| | | | | | | |
| ABRIL | | | | | | |
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |
| | | | | | | |
| MAIO | | | | | | |
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |



PROGRAMA ALFABETIZACIÓN MULLERES DE ORIXE ESTRANXEIRA 2015. Plan Comunitario de Teis

| XUÑO | | | | | | |
|----------|------|--------|----------|-------|--------|--------|
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |
| | | | | | | |
| OUTUBRO | | | | | | |
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |
| | | | | | | |
| NOVEMBRO | | | | | | |
| Domingo | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |
| | | | | | | |